


R G T

Revista Galega de Teatro Primavera 2006 Número 51



TEXTOS / 48
“BELICOSARIO”

de

Manuel Lourenzo

Manuel Lourenzo

Había tempo que arelabamos contar cun texto de Manuel Lourenzo para este caderno central. Por fin ese anxeio vaise facer realidade neste número 51. Quizaves, parodiando a Cunqueiro, mellor que presentalo fose pintalo, como a selva de Esmelle, non moi lonxe por certo do Valadouro onde Manuel Lourenzo naceu. O que si parece é que se algún personaxe do noso teatro non precisa presentación ese é a persoa da que se ocupan estas liñas. Mais, en todo caso, como non se debe deixar nada ao azar e sempre hai quen botaría de menos esta mancha de datos que, con todo e como é de sospeitar, probabelmente non van achegar máis luz a unha personalidade coma a súa, sirvan estas liñas para achegarnos á súa obra.

Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) deuse a coñecer como dramaturgo en 1960 coa lectura dunha peña titulada *O moucho*. Foi ese o inicio dunha longa traxectoria no teatro que inclúe, a máis da de autor teatral, as súas outras vertentes como actor, director teatral, conferenciante, tradutor e impulsor e mantedor de iniciativas teatrais. Funda os grupos e compañías O Facho, Teatro Circo, Escola Dramática Galega, Compañía Luís Seoane, Elsinor Teatro e Compañía Casahamlet. Fai traballos para a radio, a televisión e o cinema, dirixe e edita, xunto con Francisco Pillado Mayor, cadernos e revistas como os Cadernos da Escola Dramática Galega, o Caderno do Espectáculo da Compañía Luís Seoane, o Castrodouro-Teatro, o Elsinor-Teatro, a Revista Casahamlet así como diversos estudos historiográficos sobre a nosa dramaturxia (*O teatro galego*, *Antoloxía do teatro galego*, *Dicionario do teatro galego*) e un práctico manual titulado *Pensar co corpo*.

É autor de máis de 150 obras teatrais, das que unhas cincuenta foron publicadas e/ou estreadas. Entre as máis coñecidas e citadas apúntanse *Romería ás covas do demo*, *Tres irmás parvas*, *Cróneca do sol de inverno*, *Erros e ferros de Pedro Madruga*, *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, *Edén*, *Viva Lanzarote*, *A noite dourada de Mimí da Cora*, *Fedra*, *Nosferatu*, *Xoana*, *Defensa de Helena*, *A paixón de Brenda Moore*, *Adeus Madelón*, *Electra*, *Liturgia de Tebas*, *Magnetismo*, *Veladas indecentes*, *O circo da medianoite*, *Últimas faíscas de setembro*, *Lionel*. *O malestar do benestar*, *Insomnes*, etc. Ao seu labor como dramaturgo habería que engadir o seu labor como tradutor dos clásicos gregos e de autores

como Goethe, Büchener, Fassbinder, Heiner Müller, así como o de encenador de moitos outros como Sófocles, Eurípides, Puschkin, Chekov, Strindberg, Brecht, Genet e de autores galegos como Castelao, Cunqueiro, Otero Pedrayo, Euloxio R. Ruibal, Xulio González, Xesús Pisón, Miguel Anxo Fernán-Vello...

Foi merecente dun grande número de premios e galardóns entre os que destacan Premio de Teatro Infantil O Facho, Abrente, Ditea, Xiria, Xeración Nós, Rafael Dieste, Premio Nacional de Literatura Dramática do Estado, o Premio María Casares e o Pedrón de Ouro.

A súa actividade actual está intensamente ligada a ese poliédrico proxecto que dirixe con Santiago Fernández, que ten por nome Casahamlet.

Durante os últimos anos sucedéronse as publicacións de parte da súa obra dramática inédita e da súa obra nova. Así en 2005 publica *Nocturnos*, que inclúe as pezas *Xoana*, *A lúa pon o ovo en Verona* e *Aquela historia de Bly*, ás que seguiron *Música nocturna* e *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa*. De 2006 son os seus *Contos troianos*, *A noite dos cabaleiros* e *Eclipses* (que inclúe *A Prea*, *Eclipses* e *Crónica Funesta De Alemparte*).

Na obra teatral lourenzana parece irse fixando un trazo de unión que a identifica, se iso se pode dicir dun autor tan prolífico e versátil. A presenza da muller, da muller protagonista pero aínda máis antagonista, quer en forma de mito clásico como Electra, Fedra e sobre todo Medea, quer na figura de personaxes de alto relevo como Xoana, Mimí da Cora ou Blenda Moore, conforma un mural de denuncia social no que se inscribe a súa dramaturxia xunto a outros trazos como a recuperación temática da mitoloxía de raíz autóctona, o teatro dentro do teatro, unha nova ollada e recreación do teatro helénico e as constantes humanas da soidade e da incomunicación que parecen atinxir aos seus textos máis actuais.

Se cadra algo de todo isto atopamos en *Belicosario*.

Pedro P. Riobó

BELICOSARIO

DEZDE BOZNIA CON AMOR

Soldado

ZA eztou aquí
de volta aoz larez
Fizen a guerra como un home
e veño cheo de ezperencia
En Boznia todoz teñen ezperencia
dezde nenoz
Eztán moi preparadoz
Por izo non ze fian de ninguén
Dázllez un caramelo por ezemplo
e non cho queren
Pode zer unha granada
Ah
Izo é ezperenzia

Hoze en día fanze armaz moi zofizticadaz
Ze te pilla un obúz por ezemplo
eztáz perdido
Eu tiven zorte zi zeñor
Déronme zó con metralla
Outroz non o contaron
Por ezemplo un zoldado meu colega
Iamoz pola rúa tan tranquiloz
con dúaz putaz de permizo
caeulle ao lado unha couza dezaz tan zofizticadaz
e eztoupou como un petardo
pum
Az putaz non quizeron zaber máiz

e aquela noite durmin zó
En Boznia toda a zente anda a correr
polaz rúaz
Parecen dezgraciadoz
A unha zeñora que viña da compra miña zoia
oz reztos do colega meu zoldado zalpicárona
e puzérona perdida
Ela gritou
o meu veztido o meu veztido
e daba azí coz brazoz anguztiada non zabendo o que facer
que en Boznia é raro ver tendaz abertaz
Impozíbel comprar novoz veztidoz
Por izo a zente vai tan zuza
uf
Dá nozo de verdade
E izo que oz muzulmanoz ze algo teñen é o do azeo
Lávanze moito bu
Outra couza non zerán maiz limpoz zi

Nóz eztamoz alí para zalvaloz e darllez de comer
Aoz zoldadoz mandáronnoz a Boznia para izo
O Comandante dizo vóz soldadoz
tendez o deber de alimentaloz e máiz nada
E que non zaiba eu que uzadez az vozaz armaz
contra eztez dezgraciadoz
Non viñemos aquí para tirar
Non viñemos aquí para dezafiar
Nóz viñemos aquí para dar de comer aoz muzulmanoz
E máiz nada
Rompan filaz
Azí mesmo

Eu fizen moitoz amigoz en Boznia
zi
E agora que zon retornado penzo nelez

e no ben que o pazabamos na guerra
E dígolle á miña moza vez
cando eztaba na guerra tiña amigoz
e agora zó te teño a ti
E ela dime zeráz animal
Zupoño que zerá izo o que me di pola cara que pon
poiz entender eu non a entendo ben
Como é eztranzeira
Ben pensado zon un home con zorte
Fun á guerra e voltei cunha moza eztranzeira
cunhaz tetaz azí.

Zalveime zi
Fizen a guerra como un home
E veño zeo de ezperiencia

ROZA VIOLADA

Eu tamén veño da guerra zaben
Eu tamén veño da guerra e zuro
que a couza non é para tanto.
Home ás vecez topaz cunha violación ocasional
un capitán ou un zoldado razo
ou ze me apuran un deztacamento
dezes que mandan ás zonaz
quentez en procura
de grupoz terroriztaz
Que zufoco
E veñen zen un brazo ou unha renque
de dentez a cuzpir
chorroz de zangue como porcoz
Entón zi
entón zi que abrez az pernaz
e diz entra

Zen correr, zen apertarze que hai zítio
para todoz
Entón zi que oz acollez infelicez
E quen chama violación a izo
Caridade máiz ben
ou zolidariedade coz valentez zoldadiñoz
terían que dicir
Porque elez pobrez non teñen a culpa
Elez todo o que fan é zeguir
o zeu inztinto
Zon humano
E en cazoz tan eztremoz unha rapariga
non é non pode zer
de pedra
Azí que a couza non é para porze
a denuncialoz coitadiñoz
Baztante teñen elez con sufrir
ezaz malditaz ezploziónz
que zegan brazoz pernaz zenitaiz
Eu tamén veño da guerra
zaben
Eu tamén fuzín doz bombardeoz
e zeí o que é
aturar ezez ruídoz ezpantozos
Eu tamén zería quen de fazer couzaz
feaz ze me apuran
Eu tamén
ze foze home

ZON UNHA ARTIZTA

Eu, a ver ze entendemoz, zon
unha artizta
A min a guerra bah non me intereza

Eu zeí vivir perfectamente zen obuzes
nin carroz de combate que deztrozan
az calzadaz e fan un ruído
inzoportábel
A ver cando noz culturizamos zi
Unha artizta ten oz zeuz dereitox
Eu non quero abrir a porta e zaz
bater coa man dun zoldadiño
ou cunhaz tripaz aínda frezcas
É un ezcándalo
Non zeí cando imoz aprender
Parece que az maneiraz non ezizten
E para min que zon artizta
rezulta particularmente odiozo comprobar
que a zente nunca toma en zerio ezez detallez
nin zequera na guerra
Eu por ezemplo cando volto
do meu traballo no Karina'z Club
de madrugada levo o meu bolziño
cheo daz ezcrecenciaz da zornada
para deitar no lizo
Azí oz clientez
nunca penzarán que unha é
unha proztituta do común
quero dicir pouco azeada
Que a guerra nunca pode zer unha dezculpa
para non vivirmoz como zerez civilizadoz

CONZELLO

1

Ola, eztadez aí
Zodez grandez
Poiz ze zodez grandez teño

unha pregunta para vóz
Como podo deizar de zer virze

2

Ezcoita nena ezaz couzaz
non ze dizcuten azí en público
Non tez unha boneca
Poiz zoga aoz veztidiñoz coa túa boneca
e deiza de pensar en couzaz raraz

3

Za zabez lavala
ezpeluzala
limparlle az caquiñaz
levala ao zardín e dicirlle
Vaneza moito ollo que te vezo
Ao mellor pensaz que zon parva
Ze te pillo outra vez a facer couzaz co Balzeiro
zen uzar prezervativo
vaz ver como te mando ao pzicólogo

1

Non ao pzicólogo non
por favor
ao pzicólogo non
Prometo zer
un encanto

3

Eu non falaba de ti.

2

Ela falaba de Vaneza
a túa bonequiña linda

3

Zerá linda maiz tamén
é unha rapoza

1

É certo que falabaz de Vaneza

3

É certo

1

De min non

3

De ti non teño nada que dicir

2

Como aínda ez virze

3

Zilencio non falemos dezez temaz
que logo a nena zoña con zer Iola Berrocal

2

Azúz non

3

Az couzaz hoze van azí de rápidaz.
Pozllez unha boneca naz manz a eztaz mocoaz
e za penzan que zon naiz e que teñen dereito a todo

2

Mezmo a deizar de zeren virzez

3

Mezmo a izo

2

Que aztutaz

3

Zi

2

Que horror

1

Ola Vaneza a ver como te portaz hoze no zardín
Eu entreteño a Barby
e ti vazte con Kent
Za me diráz.

CAZA CON VIZTAZ

Unha

Ti vichez Maruzella
un zoldadiño que non paza doz catorce
a defenderze como un león
É zorprendente

Dúas

A min o que me zorprende é que oz manden
á guerra tan cachorroz
Con ezez anoz tiñan que andar no inzstituto
a aprender o inglés
para zer algo o día de mañá

Tres

Poiz eu digo que admiro o cachorriño
pola zúa determinación de vir á guerra
e zalvarnoz dezez putoz invazorez
Zi zeñor
Viva o cachorro

Unha

Eu non zei o que dicir
Que zinto láztima deze rapaz
Eztá o pobriño tan dezamparado
Voulle mandar un cacho de empanada
máiz que nada para que zaiba que hai zente
que eztima o zeu zezto dezezperado

Dúas

Ti Carmiña non az penzaz
Como lle vaz mandar un cacho de empanada
a un zoldado que ten a miziión
de non deizar pazar un zó invazor
E ze lle ezpetan un tiro
por atender zó á empanada
e dezpizarze
eh

Tres

Oi que zezto tan bonito
Non viztez como apañou o fuzil para tirar
Que demo de rapaz
Ze á caída da tarde aínda vive vouno convidar
a unha copa de aníz

Unha

O teu Vaneza é de pziquiatra
O zoldadiño aí no parapeto acurrulado
e ti a pensar en marealo con aníz
Zeráz vicioza

Dúas

Dezde logo Vaneza non az penzaz
A quen ze lle ocorre falar do rapaz
como ze foze un puro obzecto zezual
Coitadiño
Voulle tirar un ezcapulario da Virze
en compenzación

Unha

Muller Maruzella
tampouco é couza de azuztalo
con ezcapularioz
e couzaz azí de embarazozaz
A ver ze penza que vai morrer

Tres

Eztá ben retiro o da copa de aníz
maiz cunha condición

Dúas

Na guerra non hai condiciónz
Ou zer ou non zer

Unha

Za eztamos co teatro
É que non podemos falar con zenzatez
Eu propoño botarlle unha medalla
para premiar o zeu valor

Tres

A miña condición é que vóz
voz retiredez daz zanelaz
Quero falar a zoaz co zoldado

Dúas

Zi muller
que zomoz parvaz
O que ti querez é beneficioso
Poiz non
O zoldado é de todaz

Unha

O nozo zoldadiño carne de canón é de todaz
e para todaz

Dúas

Repartímolo e za ezta

Unha

Antez de que o dezcuarticen

Dúas

Antez de que zalten oz pedazoz
e non haza nada que aproveitar

Unha

O zoldado é de todaz
O nozo leonciño valente

Dúas

Avante mullerez

Unha

Lanzaivoz sobre a voza preza

Dúas

Lambédelle oz untoz

Unha

Zugádelle o zangue

Dúas

Acabade con el e dezpoiz
cantade o tiroliro

Tres

Eztá ben convencéztezme
Eu tamén quero zer unha harpía

Unha

Eu tamén

Dúas

Eu tamén

Unha, Dúas, Tres

Eu tamén quero zer unha harpía

FURIOZO

EI

Za está ben
Za está ben de falarmoz da guerra
É que non hai outroz temaz
A guerra, zempre a guerra
A ver ze agora vai rezultar que
a guerra é o principio e a fin
de todaz az couzaz
e non un incidente
entre paízez que ze levan mal
Hai que foderze
Azí é que non imoz a ningurez
con ezaz ideaz retrógradaz
A guerra faize e za eztá
cando non hai ningunha zolución
para oz problemaz
e non temoz que lle dar máiz voltaz
ao azunto
Az guerraz zon inevitábeiz

Ela

Zozé ven que za eztán az croquetaz
Ze non az querez doullaz aoz nenez

Eu za non podo máiz
Hoze fun á caza da muller do comandante
e fizen catro cuartoz grandez en vinte minutoz
e dezpoiz fun ao meretrizario da Ezpantoza
e pazei a fregona por todoz oz cuartoz
que zon zete e medio
en dúaz horaz menoz dez
contando o medio
que tamén o fizen aínda que non tiña que facelo
porque é o trazteiro
e alí nunca ze limpa
que nin zitio hai para limpar
Za a Ezpantoza me dizo
nena o cuarto do medio non ze limpa
que non hai ezpazo
E eu mellor para min que azí teño un cuarto menoz
Maiz hoze como za eztaba pozta
e que máiz tiñan zete cuartoz que zete cuartoz e medio
pazeille o pano como puiden
e hale correndo para o infantario
a recoller oz nenoz
que oz coitadoz za tiñan que eztar a ezgarecer coa fame
e traeloz para a caza
e facerllez o almorzo
az croquetaz za zabez
ezaz que ti hoze vaz deizar
para que coman elez coitadiñoz
Zozé meu Zozé no fondo
tez un corazón de ouro

El

Alto alto quen dizo que non vou papar
ezaz croquetaz
E vézme hoze con ezaz
hoze precisamente que traballei como un animal
e zería quen de comer unha pota de ferro

Veñan ezaz croquetaz Mariluz
que a guerra non é unha desculpa
para pazarmoz fame

Ela

Ai Zozé
non teño máiz que zeiz croquetaz
Unha para cada fillo e dúaz para ti
Conta ben o que comez Zozé
E por min non te preocupez
que eu za lambín a tizola
e ademaiz hoze eztou con aquela couza
e non teño ningunha apetencia

El

En fin za veremoz
Ti déizame meterlle o dente a ezaz croquetaz
e za che direi ze repito ou non

Ela

Ai Zozé Zozé
que vivimoz tempoz de guerra
e a ezcazez é moita

El

Zi za zeí que a fame é brava

Ela

É

El

Poiz non lamberaz a tizola e agora
teriamoz para todoz e a fartar
que a guerra non vai zervir
para zuztificalo todo
Ti non zabez
que ezaz ideaz zon medio retrógradaz

Ela

Non zeí nada Zozé
Eu zó zeí que oz nozoz parruliñoz
pazan fame

El

Ezaz
ezaz zon az ideaz retrógradaz
que che dicía eu
É comezarmoz a falar da fame
e a guerra nunca terminar

Ela

Entón teremoz que calar a boca
Non faceremoz nada poloz meninoz
e por enriba calar

El

Zi é o mellor

Ela

O mellor para quen, Zozé

El

Para todoz
para ningún
Za non ze
eztou confuzo
Ez ti que me confundez
Ti muller
coaz túas zenialidadez retrógradaz
Merda merda merda
Poiz agora vaz ver

Ela

Ai ai ai

El

Ze aínda non che fizen nada
Retrógrada.

DÍA DE FEZTA

Unha

Záimoz á praza e que hai na praza
Fezta
E a praza eztá chea de militarez
E de mullerez zomoz nóz az dúaz
Hoze temoz a ezcluziva
Como ás muzulmaniñaz non llez deizan zaír
nin zequera con veo
Za veráz como hoze triunfamos
Ziamila

Dúas

Eu non me zamo Ziamila

Unha

Ai perdón zerei parva
Poiz non te confundira con Ziamila
a filla de Mohamez e Carlota a paraguaia
Como zodez todoz tan morenoz

Dúas

Eu chámome Belén
E non vezo onde teño a morenez
Zon de Zevilla
O meu moreno é en todo cazo faraónico
Arte comprendez
Eza couza que a zente andaluza
levamos na fronte
dezde o mezmo inz tante
en que nacemos

Unha

Ti non te preocupez Belén
Un par de pazadiñaz de crema Nivea
e aclaraz
Eu zempre digo non hai nada
que a crema Nivea non dizimule

Dúas

Falaz en zerio
Eztáz zegura de que eza crema embranquece

Unha

Olla para eze
É un capitán
O capitán Epaminondaz
do acampamento doz gregoz

Dúas

Que ezemplar
Parece un príncipe
Ze até oz olloz ten azuiz
E ezez múzculoz
E eza ferramenta

Unha

Onde vez ti a ferramenta

Dúas

É un zozpeitar za zabez
Un presentimento

Unha

Ah

Dúas

Za zeí que o nozo galanciño non anda con izo
a pendurar
Non me parece un ezhibicionizta

Unha

Cando vai de paizano entón zi

Dúas

Como diz

Unha

Que de paizano non ze corta
e mostra todo o que lle deu Nozo Zeñor

Dúas

Abertamente

Unha

Non muller

Dúas

Za me azuztabaz

Unha

É que o coitado
ten unha ferramenta como un burro
que non hai uniforme que a dizimular
De aí o zeu ézito coaz morenaz

Dúas

Zó coaz morenaz

Unha

Con todaz muller non te piquez
que tampouco zer morena é tan dramático
Eva a do Paraíso era morena dizque
E a Virze María
E Zalomé a do Bautizta
E Cleopatra
E Ezmeralda a Zíngara
E Cicciolina en tempoz
E Naomi Campbell
E Mar Florez

El

Óla Zara Zulema
Non me vaz presentar a túa amiga

Dúas

Zon Ziamila
Non dezculpa Belén

Unha

A filla de Mohamez e de Carlota a paraguaia
zabez
Daz familiaz máiz antigaz de Medina
Zó que a nai é emigrante

El

Non importa

Eu tamén zon de fóra
Epaminondaz
de Tebaz na Grecia clásica

Dúas

De Tebaz como Edipo

El

Quen é eze

Unha

Para min non ollez que eu non zeí
Nóz oz Al-Razhiz vimoz de Bagdad directamente

Dúas

Zaímos da praza Epaminondaz
e pazeamos un pouquiño por aí
para írmonoz coñecendo zabez
Como zomoz tan diferentez

El

Zi vamoz Ziamila fermozura
que preciso refrezcarme

Unha

Podo ir convozco

Dúas

Non
Que Epaminondaz capitán zó guzta daz albarez
como unha zervidora
Non é certo
Epaminondaz

El

Zatamente

Dúas

Ai que home
que ezemplar
Parece un príncipe
E dicíaz Zara Zulema que non era
un ezhibicionizta
Ze mezmo a camiñar me pon en celo

Ai corre corre Epaminondaz que me vou
Ai que delirio
Que zaturación

El

Tente fermoza
Agarda que za vou

Unha

Eztaz morenaz
prezéntazllez un home e bótanze
a cacarezar como galiñaz
Zon ferocez

INZULTOZ

Unha

A ver ezaz bombaz

Dúas

Seica non voz atrevedez

Tres

Covardez

Catro

E para izo tanto barullar

Unha

Maroutallos

Dúas

Zoldadoz de papel

Tres

Filloz de ningún home

Catro

De ningunha muller

Unha

Babozoz

Dúas

Lambepotaz

Tres

Maruloz

Catro

Incapacitadoz

Unha

E agora que facedez

Dúas

Tendez medo

Tres

Azúztavoz a voza pólvora

Catro

Por que non lanzadez ezez bombazoz eh

Unha

Ai non podedez

Dúas

Non volo conzente o Capitán

Tres

Ou é que non zon horaz de bombardear

Catro

Non za

Unha

E non zerá que tendez o medo no cu

Dúas

Que agora non hai bombazoz que vallan

Tres

Con nós aquí na praza a darmoz vocez

Catro

A gritarmoz até ficarmoz máiz afónica que Zuzo Lizta

Unha

Que Zuzo Lizta antez da operación

Dúas

A proclamar a voza covardía

Tres

A insultarvoz e a fotografarvoz
para que a zente veza o muloz que zodez

Catro

O mandadoz que zodez

Unha

O capulloz que zodez

Dúas

O caraconaz que zodez

Tres

O dezcapacitadoz cerebraiz que zodez

Catro

O azazinoz que zodez

Unha

Ale eu za me portei

Dúas

Za dizen

Tres

Za cumprín como unha demócrata

Catro

Za oz fodín ben fodidoz

Todas

Amén

INFORME

Ela

Eu

Zarzento

nacín o quince de abril

de mil novecentoz cuarenta e trez

e vivo

quero dicir que eztou viva

O demaiz

zon avatarez

Apunte

Zarzento

Maiz que fai coa piztola animal
Digo que za pode
ir apuntando neza folla
non contra a miña cabeza
Ou é que pretende
anularme
para pór
a miña data de extinción
no zeu informe
e azí ter todo
ben cazado.

MUNICIÓN

Rapaz

Capitán za eztou aquí
Za eztou aquí coa merda de galiña
coa merda de galiña que me pediu
Capitán
Zon catro euroz
Cuztome zuntala zabe
Hoze a merda de galiña é moi buzcada
polo zeu valor nutritivo
como ezterco
Por izo me cuztou tanto zuntala
A verdade é que lla dou barata
Capitán
Poiz ninguén ma quería vender
e tiven que afanala como puiden
Quero dicir que a roubei
Zilencio zi
boca pechada
Catro euroz e medio
Capitán

O medio é por gardar o zegredo
Eu zeí para que a quere
A merda de galiña é para oz canónz
Embutez oz canónz con ela e alá vai
alá vai voando a gripe aviaria
dereita ao acampamento muzulmano
Zi za calo
Ti lárgame cinco euroz e veráz
como me vou da túa vizta
Cinco euroz e medio
e non hai máiz que dizcutir.

TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Vicente Montoto:** *“Ourense empalme”* (nº 14)
- Alfonso Armada:** *“Carmiña xogando”* Traducción: M^a Lourdes Vega Alonso (nº 15)
- Juan Mayorga:** *“Lexión”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- José Ramón Fernández:** *“Mariana”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 16)
- Manuel Forcadela:** *“Santiago, Santiago”* (nº 17)
- Xosé Manuel Pazos:** *“María Soliña”, “Crónica de Pantagrúel”* (nº 18)
- Bertolt Brecht:** *“Pequeno Organon”*, Traducción: María Vázquez (nº 19)
- Asja Srnc:** *“As vodas mortas”*, Versión ao galego: Pedro P. Riobó (nº 20)
- Itziar Pascual:** *“Holliday Aut. Postal de amor”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 21)
- Raúl Dans:** *“Foreber”* (nº 22)
- Salvador del Río, Pedro P. Riobó, Marcos Vieitez:** *“Belérian”* (nº 23)
- Yolanda Pallín:** *“Memoria”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 24)
- Euloxio R. Ruibal:** *“Luscofusco”* Drama monofásico (nº 25)
- Elena Cánovas, Rubén Cobos, Juan Carlos Talavera:** *“A Balada do Cárcere de Circe”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos (nº 26)
- Xesús Pisón:** *“Venus podre”, “Título”, “Animal vacío”, “Home e muller preñada”, “O gran soño”, e “Arañeira”* (nº 27)
- Jerónimo López Mozo:** *“Guernica”*, Traducción: D. Cortezón (nº 28)
- Luisa Villalta:** *“Os dóces anos da guerra”* (nº 29)
- Xosé Vázquez Pintor:** *“A sombra da memoria”* (nº 30)
- Iztíar Pascual:** *“As voces de Penélope”*, Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela (nº 31)
- Iván Caloto:** *“¡Sssh!”* **Patricia Piñeiro:** *“Silencios de Guerra”* (nº 32)
- Roberto Vidal Bolaño:** *“Memoria de mortos e ausentes”* (nº 33-34). Ed.: Pedro P. Riobó
- Jacques Prévert:** *“Entradas e saídas”, “A familia todosaconchegados”*, Traducción: Henrique Harguindey (nº 35)
- Lino Braxe:** *“Campo Sur”* (nº 36)
- Ignacio García May:** *“Os vivos e os mortos”* (nº 37). Traducción: Xosé M. Pazos Varela
- Constantino Rábade:** *“Cibernautas”* (nº 38)
- Vanessa Martínez Sotelo:** *“Azotea”* (nº 39)
- Benxamín Rocha Coladas:** *“Unha chea de anos e un día”* (nº 40)
- Ernesto Caballero:** *“Terra polo medio”* (nº 41)
- Belén Roca:** *“Os Facedores de Bonecas”* (nº 42)
- Michel Azama:** *“Zoo Nocturno”* (nº 43)
- Paloma Pedrero:** *“A Illa Amarilla”* Traducción e Dramaturxia: Ánxeles Cuña Bóveda (nº 44)
- Xosé Manuel Pazos Varela:** *“Tres exercicios para café-teatro”* (nº 45)
- Afonso Becerra de Becerreá:** *“Rexurdimento”* (nº 46)
- Felipe Loza e Garbiñe Losada:** *“Sen Vergonzas”* Traducción: Heitor Mera (nº 47)
- Rubén Ruibal:** *“Nunca durmo, de erik cachuzo”*(*Insomnio*) (nº 48)
- La Pera Llimonera:** *“Quo non Vadis”* (nº 49)
- Carlos Be:** *“Origami”* (nº 50)